


2022

NEVERMORE!



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón



**USO OBRIGATORIO
DE MÁSCARA DE
PROTECCIÓN**

**MONÓLOGO - COMEDIA
CONTEMPORÁNEO
MUSICAL**

PROGRAMACIÓN MARZO/XUÑO

PROGRAMACIÓN **MARZO**/XUÑO 2022

MARZO

Festival Singular



<p>Venres 4 20:30 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Monólogo PENTACIÓN ESPECTÁCULOS (Festival Singular) MOLLY BLOOM</p>
<p>Sábado 5 20:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Monólogo PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS (Festival Singular) CADAVAL CONTA... COMPLEXO DE EDIPO</p>
<p>Domingo 6 18:00 horas Café-Teatro do Pazo</p>	<p>Monólogo CARAMUXO TEATRO (Festival Singular) A NENA QUE VIVÍA NUNHA CAIXA DE MISTOS</p>
<p>Venres 11 20:30 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Monólogo LUCÍA TRENTINI (URUGUAY) (Festival Singular) MÚSICA PARA FIAMBRERÍA- UN POLICIAL VERDE</p>
<p>Sábado 12 20:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Monólogo ENTRECAJAS (Festival Singular) SILENCIO</p>
<p>Domingo 13 18:00 horas Café-Teatro do Pazo</p>	<p>Infantil LARRAITZ URRUZOLA (Festival Singular) A VIAXE DE ROSALÍA</p>
<p>Venres 18 20:30 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Comedia EMPATÍA TEATRO (Festival Singular) ESAS COUSAS MARABILLOSAS</p>
<p>Sábado 19 20:00 horas Pazo da Cultura</p>	<p>Monólogo DAYANA CONTRERAS (CUBA) (Festival Singular) LA CIUDAD DE LAS DAMAS</p>

ESTREA

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as representacións serán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:

De luns a venres

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:30 horas

Sábados

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:00 horas

Teléf. 981 102 897

(Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.es

Domingo 20 18:00 horas Café-Teatro do Pazo	Infantil XAROPE TULÚ (Festival Singular) COROCHAS
Venres 25 20:30 horas Pazo da Cultura	Monólogo DEUVE (Festival Singular) GUERRA DE IDENTIDADE
Sábado 26 20:00 horas Pazo da Cultura	Monólogo ISABEL RISCO (Festival Singular) BRAVAS
Domingo 27 18:00 horas Café-Teatro do Pazo	Monólogo XAROPE TULÚ (Festival Singular) BICHOCAS

ABRIL

Sábado 2 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro Contemporáneo CONDETRESPÉS RASTROS
Domingo 3 12:00 horas 18:00 horas Pazo da Cultura	Musical ARTES ESCÉNICAS GAUDIUM “ DE ELLOS APRENDÍ “ El musical de los grandes musicales
Sábado 9 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo CRÉMILO GOLFA

ABRIL

Domingo 10 18:00 horas Pazo da Cultura	Monicreques TANXARINA A CAZOLA DE LOLA
Sábado 23 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo MICOMICÓN RIF (de piojos y gas mostaza)
Venres 29 20:30 horas Sábado 30 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo SARABELA TEATRO MORGANA EN ESMELLE

MAIO

Venres 6 20:30 horas Sábado 7 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro comedia TALÍA TEATRO MORTE ACCIDENTAL DE UN ANARQUISTA
Sábado 14 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo CHÉVERE N.E.V.E.R.M.O.R.E.
Sábado 28 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo VOADORA OTHELLO

XUÑO

Venres 10 20:30 horas Sábado 11 20:00 horas Pazo da Cultura	Adaptación da novela "Los santos inocentes" de Miguel Delibes GG PRODUCCIÓN ESCÉNICA LOS SANTOS INOCENTES
---	---

Venres 4 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adultos | 80 minutos | castelán

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

Festival Singular



Molly Bloom

En 1980 Magüi Mira encarnou a Molly Bloom, mítico personaxe da novela de James Joyce, un dos grandes textos literarios do século XX, e namorou ao público e á crítica.

Molly vive unha noite de insomnio. O seu pensamento voa sen filtros ata os seus máis profundos desexos, ás veces escandalosos.

Molly desvélanos a súa paixón pola vida, a súa relación co sexo, os seus principios fimininos. Molly, segura de sí mesma, goza da vida que vive e da vida que imaxina.

Hoxe, corenta anos despois, as mesmas palabras escritas por Joyce, volven a ser interpretadas por Magüi Mira que cos seus 77 anos, achéganos a unha nova Molly. Con moito amor e moito humor.

Unha valente dramaturxia e dirección de Marta Torres e Magüi Mira.

Autoría: Adaptación do Ulises de James Joyce

Dirección: Marta Torres e Magüi Mira

Deseño de vestiario: Helena Sanchís

Espazo sonoro: Jorge Muñoz

Deseño de iluminación: José Manuel Guerra

Xerencia e Rexiduría: Jorge Muñoz

Elenco: Magüi Mira

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 5 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adultos | 70 minutos | galego

Festival Singular



PRODUCCIONES TEATRAIS EXCÉNTRICAS

Cadaval Conta... Complejo de Edipo

Cadaval conta... "Complejo de Edipo", un relato mítico que xa escoitaron oito mil colombianos e tamén tres mil setecentos africanos dos que tres mil eran canarios. Probablemente o público europeo coñece mellor a versión do ribeirán que a orixinal do inmortal Sófocles.

O mito do home que mata o pai, deitase coa nai, chámalle fillos aos irmáns e agora comentado por unha taberneira dun porto galego que ademais é a nai do monhilista Cadaval.

A cociñeira desdénha o mito clásico ao tempo que dá a receita da carne asada.

Gastronomía

Épica

Alta cultura

Cotilleos

Psicoanalise

Noticias sorprendentes sobre a monarquía española.

Todo en setenta e un trepidantes minutos dun monólogo

Traxiridículo.

Autor: Quico Cadaval

Dirección: Quico Cadaval

Deseño iluminación: Pepe Quintela

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 6 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Infantil e familiar (a partir de 4 anos) | 45 min. | galego

CARAMUXO TEATRO

Festival Singular



A nena que vivía nunha caixa de mistos

"A nena que vivía nunha caixa de mistos" é un novo espectáculo de Caramuxo Teatro, inspirado no conto "A vendedora de mistos" de Andersen. Unha peza cunha linguaxe contemporánea e multidisciplinar que trata o tema da pobreza infantil e a orfandade, mais cunha mensaxe positiva, sobre o poder do cambio. Unha proposta de teatro de actriz e monicreques case sen palabras, que recorda ás películas clásicas en branco e negro. O espectáculo, que conta con música en directo, é a terceira pata da triloxía sobre os contos populares, que empezou con "As fabas máxicas", continuou con "Feo" (Premio María Casares a Mellor Espectáculo Infantil) e remata con esta peza.

Dramaturxia: Laura Sarasola e Juan Rodríguez

Dirección: Juan Rodríguez

Escenografía: Caramuxo Teatro e Juan Ares

Vestiario: Diego Valeiras

Banda sonora: Alma Sarasola e Fernando Román

Son: Visue

Deseño iluminación: Suso Jalda

Monicreques: Iker Pérez (Arena en los bolsillos)

Audios: Juan Rodríguez - Victoria Pérez - Laura Sarasola - Gustavo del Río - Nacho Varela - Ana Pontón

Elenco: Laura Sarasola

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 12 anos: 5,50 €

Venres 11 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adultos | 60 minutos | castelán

Festival Singular



LUCÍA TRENTINI (URUGUAY)

Música para fiambrería Un policial verde

Tres historias entrelázanse para contar un crime nacido da desesperación e do desamor.

Tres personaxes interpretados por unha soa actriz no escenario, levan a cabo este corpo policial que incorpora a canción como ferramenta para a narración.

Alicia Rafaela, unha muller do campo, asasina a o seu esposo, farta de tolerar o abuso e a violencia. Un personaxe cargado de inocencia que se ve agora nunha situación extrema á que terá que enfrentarse: ¿como se librar dun corpo, como limpar as circunstancias ás que se ve sometida e iniciar unha nova vida? Alma, inmersa no mundo da riqueza e da superficialidade, toca fondo chegando aos límites do desequilibrio e a loucura.

Un programa de radio nocturno, "Música de fiambrería", dá cabida e abre os oídos á palabra de quenes necesitan ser escoitados. A súa conductora, un bizarro e solitario personaxe da paso a o diálogo destas vidas dende un lugar absurdo e traxicómico. "Música de fiambrería" nos habla de temas universais como o amor, a súa ausencia, o seu exceso e o seu fracaso, contado dende unha óptica feminina.

Da vida, o seu pasaxe efímero, cuestionando o noso lugar, nel segundo a adversidade do noso destino.

Dirección: Diego Arbelo

Fotografía: Alejandro Prichetti

Espazo escénico: La Morena

Elenco: Lucía Trentini

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 12 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adultos | 100 minutos | castelán

ENTRECAJAS

Festival Singular



Silencio

Vestido cun traxe de etiqueta dentro do que non acaba de sentirse cómodo, cumprindo co preceptivo protocolo, o dramaturgo, ou seica unha actriz amiga a quen pediu que o represente no solemne acto, vai ingresar na Academia pronunciando un discurso titulado "Silencio". Os seus ointes son os outros académicos, cos que comparte estrado, e as persoas - familiares, amigos, colegas, autoridades, descoñecidos...- que viñeron a acompañalo esta tarde. Vai falar sobre o silencio na vida e no teatro, quizá tamén sobre o silencio na súa vida e no seu teatro. E, sobre todo, vai viaxar por silencios teatrais ou literarios que marcaron a súa memoria e a súa imaxinación -o silencio de Antígona, o da casa de Bernarda Alba, o da Carta ao pai, o de Woyzeck, o da vida é soño, o da máis forte, o do Gran Inquisidor, o dos fráxiles personaxes de Chéjov, o das estrañas criaturas de Beckett, o de Sancho Bandullo...-e, arrastrado polo desexo de teatro, chegará a interpretalos coma se estivesen nun escenario. Igual que aos espectadores, eses silencios poden afrontar, a quen escribiu o discurso e a quen agora o pronuncia, cos silencios das súas propias vidas. Quizá quen pronuncia o discurso e quen o escribiu teñan, en cada momento, a tentación de calar. Quizá o silencio, que soporta o discurso e sobre o que o discurso indaga, poña o discurso en perigo. E quizá o máis valioso sexa finalmente, por encima e por baixo das palabras, poder escoitar xuntos o silencio.

Autoría: Juan Mayorga / **Iluminación:** Pedro Yagüe

Escenografía: Elisa Sanz / **Vestuario:** Elisa Sanz

Espazo sonoro: Mariano García

Elenco: Blanca Portillo

PREZOS: Público xeral: 14,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 9,80 €

Domingo 13 de marzo

18:00 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

INFANTIL



Infantil y familiar (a partir de 6 anos) | 60 min. | galego

Festival Singular



LARRAITZ URRUZOLA

A viaxe de Rosalía

Un espectáculo de monicreques unipersoal sobre Rosalía de Castro, onde da man da narradora e titiriteira, Larraitz Urruzola e con maletas cargadas de monicreques, teas, zapatos e libros, coñeceremos parte da obra Rosaliana e algúns dos momentos da vida desta insigne artista galega.

Francisca do Campo leva século e medio contando a todo o mundo a historia da súa querida afillada Rosalía de Castro. Ela foi quen axudou a críala e quen compartiu as vivencias máis cotiás e entrañables.

Cargada de maletas con teas, zapatos e moitas cousas queridas para ela, comparte con nós a traxectoria vital e artística dun símbolo irrenunciable para a cultura galega.

Autoría: Gabriel Penabade

Dirección: Gabriel Penabade

Escenografía: Larraitz Urruzola

Vestiarío: Olga Vieites Seoane

Deseño son: Larraitz Urruzola

Monicreques:

Luis Javier Iglesias Rodríguez (Cabezas Rosalía de Castro)

Olga Vieites (Corpos Rosalía de Castro)

Larraitz Urruzola

Elenco: Larraitz Urruzola

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 12 anos: 5,50 €

Venres 18 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

COMEDIA



ESTREA

Adultos | 60 minutos | galego

Festival Singular



EMPATÍA TEATRO

Esas cousas marabillosas

"Esas cousas Marabillosas" comeza cando o público vai entrando na sala e é recibido polo actor. Dálles a benvida, axúdaos a se acomodar, e dálles un papeleño que vai xogar no espectáculo. Cando empeza o espectáculo, o público xa leva un cacho dentro del, sen sabelo e algúns cun papeleño na man.

Cóntase unha historia de case tres décadas que comeza cando...mamá está no hospital: "Fixo unha parvada", di papá, porque "resúltalle difícil ser feliz". Esta primeira tentativa de suicidio de mamá fai que o fillo (o protagonista), de sete anos daquela, comece a facer unha lista de todo o que é marabilloso no mundo. Todo polo que vale a pena vivir. 1) Os xeados, 2) As guerras de auga, 3) Non ir para cama á túa hora e poder quedar mirando a tele, 4) A cor azul, 5) As cousas a cadros, 6) Unha montaña rusa. Deixa a lista na almofada de mamá co título: "Todas esas cousas marabillosas"... Mamá leuna, sábese porque corrixiu a ortografía.

Con moitos personaxes e moitas situacións, que se desenvolven coa axuda e a complicidade necesarias do público, constrúese esta peza tenra e emocionante sobre a depresión e ata onde chegamos pola xente a que amamos. É unha peza tenra, emocionante e divertida. É unha comedia sobre a depresión e o suicidio. É unha obra que pode cambiarche a vida...e para ben.

Autoría: Duncan Macmillan

Dirección e traducción: Avelino González

Deseño gráfico: Empatía Comunicación

Elenco: Elisardo de la Cruz

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 19 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adultos | 70 minutos | castelán

Festival Singular



DAYANA CONTRERAS (CUBA)

La ciudad de las damas

Dayana é unha muller emigrante que vive en España desde hai algúns anos. Dayana non consegue escapar dos tópicos cos que se relaciona a unha persoa emigrante, tampoco dos que se relacionan co seu xénero.

Sentiu a necesidade de atopar algunha explicación para que nunha sociedade de Europa do século XXI, arrastre tantos prexuízos respecto a ambas condicións.

É nesta procura onde se atopa cun libro escrito por unha muller, Cristina de Pizán, poeta e filósofa que viviu en Francia no século XV, "La ciudad de las damas" que trata o tema da imaxe que se tiña das mulleres entón, dos prexuízos aos que se enfrontaban.

Seiscentos anos despois as mulleres continúan librando unha loita pola igualdade de dereitos practicamente igual á que se libraba entón. Durante canto tempo máis teremos que seguir alzando a voz para que ao fin se nos escoite?

Dramaturxia: Dayana Contreras

Dirección: Dayana Contreras

Asesoría dramaturxia: Liena Cid

Asistente de movemento en escena: Marina Barba

Escenografía: Alina Isabel Pérez

Iluminación: Marta Martí

Vestiario: Gema Martín

Deseño sonoro: Desirée Durán

Deseño cartel: Araceli García

Elenco: Dayana Contreras

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 20 de marzo

18:00 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

INFANTIL



Infantil (de 0 a 3 anos) | 40 minutos | galego

Festival Singular



XAROPE ZULÚ

Corochas

"Corochas" é un espectáculo de pequeno formato dirixido á primeira infancia (0-3 anos), que combina a narración oral, a manipulación de obxectos e a música.

A través do conto acumulativo, da canción e o xogo de imitación, viaxaremos por diversas paisaxes e coñeceremos personaxes estrafalarias que deben resolver múltiples enredos.

Corochas, cachogas, celigras, cóchegas, coscas, deligras ou cóxegas: sensación que experimenta alguen ao lle seren tocadas levemente, certas partes do corpo e que se manifesta nun riso involuntario.

Por qué será que existen tantos xeitos de chamarlles ás corochas? Pode ser que a sensación para cada unha de nós é tan diferente que non somos quen de lles poñer un nome só? Ou será que as corochas só existen á beira do mar e as cóxegas no alto da montaña...

Os contos ás veces son coma as corochas, fannos viaxar a lugares onde normalmente non chegamos ou a partes do corpo ás que non lles poñemos atención.

Producción: Xarope Tulú

Elenco: Atenea García

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 12 anos: 5,50 €

Venres 25 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adultos | 70 minutos | galego

Festival Singular



DEUVE

Guerra de identidade

Obsesionada coa figura ausente e controvertida do pai; deportista de elite e militar na guerra dos Balcáns, unha muller, metade galega e metade croata, narra a viaxe que traza para coñecer a súa familia.

Facendo o espectador cómplice de segredos inconfesables e cun pano de fondo, que danza entre guerras históricas e conflitos individuais, dá conta da batalla na procura de sí mesma, loitando entre o dramático e o cómico, o testemuño e a imaxinación, e a memoria persoal e colectiva.

Texto orixinal e gravacións: Déborah Vukusic

Dirección: Avelino González

Iluminación: Salvador del Río

Vestiario: Jandro Villa

Producción: Arantxa Treus

Elenco: Déborah Vukusic

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 26 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Adultos | 80 minutos | galego

Festival Singular



ISABEL RISCO

Bravas

Isabel Risco protagoniza, o seu segundo espectáculo unipersonal, no que nos ofrece a súa particular visión da historia das mulleres galegas. Unha historia sempre roubada, agochada e invisibilizada. É unha produción teatral sobre mulleres sen medo, mulleres que forman parte dun valeroso clan, o clan que elas mesmas paren, amamantan, manteñen, constrúen con alicerces da rebeldía, da rebelión, da ilusión, do inconformismo, da valentía, da xustiza social, da empatía, da humanidade. Semente que levan séculos plantando, dobrando o lombo, coa lúa crecente e que, pase o que pase, sempre medrará vizosa, porque non hai forza reaccionaria que veña de fóra, de lonxe, ou desde o propio país, que debilite esta forza imparábel. Mulleres empoderadas que, ao longo dos anos, se enfrontaron á máquina do poder establecido coas armas da xustiza social, da igualdade, da construción masiva para transformar a realidade e conseguir deste xeito un país mellor, e, polo tanto, un mundo mellor. Isabel Risco proponnos un xogo desde o teatro cómico e comprometido. Alegre e combativa, porque entende que se non podemos bailar, se non é divertíndonos, tampouco é a nosa revolución. Así, con este espectáculo pretende ademáis reivindicar o humor das mulleres, que ofrece unha perspectiva única, plural, diversa, poliédrica e tan necesaria da realidade. Fai un repaso histórico pola nosa era, desde a época castrexa ata o século XXIII. Unha viaxe no tempo con paradas en diversas estacións, reparando nas pequenas e grandes historias protagonizadas polas nosas mulleres. Isabel Risco ponse na pel dunha muller do rural galego de finais do século XXVII, dunha muller en loita en plena revolución industrial, dunha rapaza que descobre o mundo nos anos 60,... Mulleres do noso pasado, do noso presente e, tamén, do noso futuro. E todo isto pasado polo filtro, sempre aloucado, sempre cómico, sempre sorprendente desta actriz sen igual.

Autoría: Paula Carballeira - Roi Vidal - Clara Goyo - Xurxo Barcala - Isabel Risco e Fran Rei / **Dirección:** Isabel Risco e Fran Rei / **Escenografía:** Maquinaria Pesada, Iria Ribadomar
Iluminación: Marta Martí / **Atrezzo e vestuario:** Maquinaria Pesada / **Responsable técnico:** Javier Ayude "Beca"

Elenco: Isabel Risco

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 27 de marzo

18:00 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

MONÓLOGO



Infantil (de 0 a 3 anos) | 40 minutos | galego

XAROPE TULÚ

“BICHOCAS”

Festival Singular



“Bichocas” é un espectáculo adicado á primeira infancia onde os obxectos e a palabra nos fan viaxar a través do mundo animal.

As protagonistas das nosas historias aprenderán nesta viaxe a importancia de seren diversas e a posibilidade de compartir coas demais os seus afectos.

“Bichocas” ten como obxectivos estimular a creatividade individual e colectiva, incentivar á observación activa das crianzas, ofrecer propostas escénicas para que adquiran o galego coma lingua inicial, fomentar o uso do galego e recoñecer a riqueza léxica do noso idioma.

Monicreques: Nicolás Zamorano

Producción: Xarope Tulú

Elenco: Atenea García

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 12 anos: 5,50 €

Sábado 2 de abril

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 100 minutos | galego

CONDETREPÉS

Rastros

"Esther, a protagonista de rastros, é unha muller descaradamente libre. Seguramente anticipada ós tempos de hoxe. Acostuma a dicir o que pensa e facer o que sente, sen prexuízos. Intentou evitalos pero sen éxito. É un dos personaxes femininos máis interesantes que produciu a dramaturxia galega, unha libertaria finisecular que tería topado o seu lugar nas manifestacións feministas de hoxe. Rastros pivota sobre a súa liberdade e, ó mesmo tempo, polas debilidades que a fan muller galega do seu tempo".

ESTHER: Xa ves! O mundo é un pano cheo de mocos. E algúns deles son teus.

Autoría: Roberto Vidal Bolaño

Adaptación: Lois Blanco

Dirección: Lois Blanco

Escenografía: Diego Valeiras

Deseño de iluminación: Dani Juncal

Vestuario: Diego Valeiras

Deseño de son: Dani Juncal

Elenco:

Antea Rodríguez

Muriel Pernas

Pablo Carrera

Mateo Franco

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 3 de abril

12:00 y 18:00 | Pazo da Cultura

MUSICAL



Infantil | 70 minutos | castelán

ARTES ESCÉNICAS GAUDIUM

“De ellos aprendí”

El musical de los grandes musicales

“De ellos aprendí” El musical de los grandes musicales, ten a súa orixe nun acontecemento inesperado na illa de Motunui, onde Vaiana, que será o personaxe condutor do musical, ten a primeira oportunidade de liderar ao seu pobo. Para iso é guiada polo sabio espírito da súa avoa Tala, que a conducirá por unha grande viaxe, a través de máxicos contos, que lle axudarán a ser a grande líder que o seu pobo necesita.

E serán escenas e personaxes da Sereiña, O Rei León, Frozen, Aladín, Rapunzel ou a Bela e a Besta os que irán aparecendo en escena como protagonistas deste musical, no que grazas aos valores e coñecementos que aprendera deles, Vaiana conseguirá que a súa avoa Tala, así como o seu pobo, se sentan moi orgullosos da líder na que se converteu.

Os nove actores, bailaríns, e cantantes con todas as voces en directo, arroupados por unha gran escenografía acompañada de proxeccións e un coidadísimo vestuario, darán vida a un dos grandes musicais do ano, que sen dúbida emocionará a todas as familias.

PREZOS: Patio de butacas: 16,00 €

1º Anfiteatro: 14,00 €

2º Anfiteatro: 12,00 €

Sábado 9 de abril

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 75 minutos | castelán

CRÉMILO

Golfa

Unha mañá aparece fronte á porta dun instituto unha pintada que reza "GOLFA", un insulto anónimo que destapa a historia que o precede.

Amanda e Fran foron parella hai uns meses, adolescentes cuxa experiencia é a de tantos, unha relación que se viu truncada. Este feito non tería relevancia algunha se inmediatamente despois desta ruptura, Amanda non sufrise un terrible acoso virtual que leva aos seus pais a denunciar a posible autoría de Fran tras este feito. Ata que non se aclaren os feitos, a dirección do instituto decide apartar a Fran das súas clases.

Todo se revoluciona cando a nai de Fran, Vicky, aparece na porta de entrada do instituto e insulta gravemente a Amanda utilizando unha palabra moi concreta: golfa. Xusto unha semana despois aparece ben visible o graffitti onde comeza a nosa historia.

Dramaturxia e dirección: José Padilla

Espazo escénico: PRIAMO-Eduardo Moreno e Natalia Moreno

Iluminación: Pau Fullana

Vestiario: Anna Fajardo

Espazo sonoro: Alberto Granados

Canción Orixinal: Efecto Pasillo

Elenco:

Fran Cantos

Montse Díez

Ana Varela

Marisa Rivera

Ninton Sánchez

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 10 de abril

18:00 | Pazo da Cultura

MONICREQUES



Infantil (a partir de 5 anos) | 50 minutos | galego

TANXARINA

A cazola de Lola

"Lola sempre arrastra un cazo atrás dela. O cazo caeulle un día enriba... Non se sabe moi ben por qué.

Por causa deste cazo, Lola xa non é de todo coma os demais. Precisa de moito agarimo, é moi sensible e ten un gran sentido artístico.

A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes. E atópano raro... Ademais, o seu cazo complícalle a vida.

Afortunadamente existen persoas maravillosas, só fai falta dar cunha delas..."

Autoría: Isabelle Carrier

Dirección: Cándido Pazó

Adaptación: Tanxarina

Escenografía: Pablo Giráldez

Deseño iluminación: Montse Piñeiro

Vestuario: Carlos Alonso

Deseño son: Tanxarina

Coreografía: A Panadaría

Elenco:

Eduardo Rodríguez "Tatán"

Miguel Borines

Andrés Giráldez

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 12 anos: 5,50 €

Sábado 23 de abril

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 120 minutos | castelán

MICOMICÓN

RIF (de piojos y gas mostaza)

Os nosos protagonistas son tres soldados do exército español que se van a atopar nas terras do RIF despois do Desastre Annual ocorrido o 21 de xullo de 1921. Son tres soldados que representan aos milleiros de mozos españois que foron arrincados dos seus fogares e aos milleiros de rifeños que se viron obrigados a loitar no lado español para ver mitigada a súa fame e a súa miseria. A través das súas historias, dos seus relatos, das súas vivencias, que percorreren lugares tristemente míticos como Igueriben, Zeluán ou Monte Arruit, e que se van proxectar ata o nefasto ano 1936, desfilarán diante de nós, personaxes craves daquelas guerras: deputados, altos comisarios, reis, cantineiras, prostitutas, caídes, artistas de cinema, xornalistas, militares e civís. Con eles imos visitar, coma se dun pesadelo grotesco tratáse, o café cantante e o blocao, o pasodobre e o almuédano, o acampamento e a marcha militar, o prostíbulo e o barranco, o casino, a augada, a emboscada e os negocios sucios, a valentía dalgúns, a vileza de moitos, o medo da maioría, a baioneta, a "gumía", a carabina, a sede insoportable, o corpo calcinado, a cabeza cortada, as entrañadas, en fin, dunha guerra innecesaria, inxusta e cruel, que causou miles de mortes de españois e rifeños, utilización de gases tóxicos incluída, e cunhas consecuencias cruciais no devir do século XX.

Autoría: Laila Ripoll e Mariano Llorente

Dirección: Laila Ripoll / **Adaptación:** Laila Ripoll

Escenografía: Arturo Martín Burgos

Deseño iluminación: Luis Perdiguero

Vestiario: Almudena Rodríguez Huertas

Deseño son: Mariano Marín

Elenco:

Arantxa Aranguren - Mateo Rubistein - Jorge Varandela -

Ibrahim Ibnou - María Elaidi - Carlos Jiménez-Alfaro -

Mariano Llorente - Nestor Ballesteros

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Venres 29 e Sábado 30 de abril

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 70 minutos | galego

SARABELA TEATRO

Morgana en Esmelle

No ano 2012 editouse a magnífica novela de Begoña Caamaño "Morgana en Esmelle". Recibiu o aplauso dos lectores e crítica (Premio Ánxel Casal, Premio Losada Diéguez, Premio ALG, Premio Nacional da crítica).

Sarabela Teatro emprende con paixón a adaptación escénica desta obra inmensa, magnética e fascinante, e dialoga coa súa autora para devolver ás espectadoras e espectadores unha parte pequena do seu universo único. Sarabela Teatro comparte con Begoña Caamaño a visión do amor, a xustiza, a violencia, a morte, a liberdade, a opresión, a dignidade... Cuestións éticas, políticas e sociais que nos interpelan, que nos moven e conmoven.

Coa necesidade de combater o sexismo e a discriminación histórica. Sarabela Teatro nútrese nesta posta en escena da recreación nova do mito de Morgana que sitúa ás mulleres no primeiro plano do foco da imaxinación. As protagonistas son mulleres fortes e apaixonadas. Sarabela Teatro cre tamén na maxia: nos grandes misterios que valéndose de mitos e feiticeiras, de soños, presaxios, premonicións e agoiros, debuxan as veces paisaxes desoladas. Viaxamos xuntas pola materia de Bretaña, atravesamos pontes épicas e poéticas. Coemos o pasado ao presente para albiscar o futuro: facémo-lo cos imaxinarios entrelazados dun equipo entregado, que celebra con vós este encontro.

Autoría: Begoña Caamaño / **Dirección:** Ánxeles Cuña Bóveda

Adaptación: Ánxeles Cuña Bóveda / **Escenografía:** Pedro

Fresneda / **Deseño iluminación:** Pedro Fresneda / **Vestiario:**

Ruth D. Pereira / **Deseño son:** Renata Coda Font

Coreografía: Beatriz Pérez - Armando Marén

Elenco: Quico Cadaval - Fina Calleja - Fernando Dacosta - Sabela Gago - Laura Míguez - Elena Seijo

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 6 e Sábado 7 de maio

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO COMEDIA



Adultos | 90 minutos | galego

TALÍA TEATRO

Morte accidental de un anarquista

Milán, 1969. Un anarquista falece tras caer pola ventá dunha comisaría na que está sendo interrogado pola policía. En plena investigación xudicial dos feitos, a aparición en dita comisaría dun "tolo" que se fai pasar por diferentes personaxes, logrará darlle a volta ás indagacións e descubrir a verdade.

Cunha sátira implacable chea de humor, Dario Fo pon en evidencia a natureza da policía, os seus métodos manipuladores e a súa función represora, así como o importante papel dos medios de comunicación na súa busca da noticia e do "escándalo".

Autoría: Darío Fo

Dirección: Cándido Pazó

Adaptación: Cándido Pazó

Escenografía: Dani Trillo

Deseño iluminación: Dani Trillo

Vestiarío: Martina Cambeiro

Elenco:

Toño Casais - Diego Rey - Marta Ríos -

Marta Lado - Dani Trillo - María Ordóñez -

Artur Trillo - Xurxo Barcala - Rubén Prieto

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 14 de maio

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 110 minutos | galego

CHEVERE

N.E.V.E.R.M.O.R.E.

Esta obra, unha coproducción de Chévere e o Centro Dramático para abrir a tempada do Teatro "María Guerrero", usa a memoria dunha catástrofe ecolóxica (a do Prestige) como detonante para desenvolver unha narrativa escénica sobre o presente. Empezamos a idear este traballo en marzo de 2020. Cando a chegada dun virus demostrou que todo pode mudar. Que o mundo pode parar. Aí decatámonos do rápido que o esquecérámos. Un ano despois comprobamos o enorme esforzo que se está facendo para que todo volva ser coma antes. E o fácil que é deixarse convencer outra vez. Así que decidimos contar unha historia para non esquecer tan facilmente que as cousas poden ser doutro xeito. Chamámola N.E.V.E.R.M.O.R.E. É a resposta indescifrable que o corvo do poema de Poe dá unha e outra vez ás preguntas dun home que perdeu o que máis quería. N.E.V.E.R.M.O.R.E. podería ser un S.O.S. emitido á desesperada no código internacional de sinais marítimos. Ou o acrónimo dunha gran corporación que sabe que hai sitios con xente que se poden sacrificar para que todo siga funcionando como ata agora. Ou simplemente un aviso do que estaba por vir.

Para nós N.E.V.E.R.M.O.R.E. é unha forma de acudir á memoria colectiva dun deses pobos que se poden borrar do mapa sen que pase nada. Un pobo que, así e todo, en decembro de 2002 fixo seu o berro do corvo e non se deixou convencer polas mentiras daqueles que aseguraban que non pasaba nada, que todo seguía sendo coma antes. Conta esta historia é tamén un conxuro para desfacer o feitizo que sigue rodeando a catástrofe do Prestige, convertida nunha metáfora estrañamente perfecta desa cultura do petróleo que nos impide ver que hai máis alá da catástrofe, coma si non puidésemos habitar outro lugar que non sexa ese.

Autoría: Chevere / **Dirección:** Xron / **Adaptación:** Xron
Escenografía: Carlos Alonso / **Deseño iluminación:** Fidel Vázquez / **Deseño de son:** Xacobe Martínez Antelo - Xurxo Pinheiro / **Vestuario:** Uxía P. Vaello

Elenco: Patricia de Lorenzo - Miguel de Lira - Manuel Cortés - Mónica García - Arantza Villar - Borja Fernández

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 28 de maio

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 90 minutos | galego

VOADORA

Othello

Hai no relato de William Shakespeare unha historia de encontro, na que unha muller europea e un home africano namoran. Porén, contra o final do texto, ela morre asasinada por el. "Othello" é, asemade, vítima e verdugo. Sofre islamofobia e executa un feminicidio que nace dunha mentira. Unha mentira que, á súa vez, xorde da inseguridade e da crenza de entender, como propio, o que non se pode posuír. #BlackLivesMatter, #NiUnaMenos, #Posverdad e #FakeNews danse cita nunha historia escrita hai máis de 400 anos, pero que hoxe en día resulta próxima no tempo: en España, desde o ano 2013, morreron 1.053 mulleres asasinadas pola violencia machista. Esta nova visión constrúese coa apertura do espazo íntimo, as conversas e accións do universo feminino a través das personaxes de Desdémona, Emilia e Bianca. Utilizando a comedia como xeradora de discurso sobre a dor e a rabia, preguntámonos qué podemos facer, desde o noso presente, para deter o tempo no relato. Xusto aquí: Non hai tempo, é tarde (estragúlaa).

Othello, Acto V.II

Deter o tempo e voltar sobre os pasos da historia para entender como chegou ata ese punto. Detelo e propor ao público un debate arredor da construción do xénero, a percepción dun/ha mesmo/a e as relacións, e a propia estrutura do sistema patriarcal.

Autoría: William Shakespeare / **Dirección:** Marta Pazos

Adaptación: Fernando Epelde / **Escenografía:** Marta Pazos

Deseño iluminación: Nuno Meira

Deseño de son: Hugo Torres / **Vestiarío:** Silvia Delagnau

Música: Hugo Torres / **Coreografía:** María Cabeza de Vaca

Elenco: Hugo Torres - Joaquín Abella - Ángel Burgos
Ana Esmith - María Paz Sayago - Chumo Mata

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 10 e Sábado 11 de xuño

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

ADAPTACION DA NOVELA "LOS SANTOS INOCENTES"



Adultos | 110 minutos | castelán

GG PRODUCCIÓN ESCÉNICA

Los santos inocentes

Los "Santos inocentes" de Miguel Delibes, preséntasenos como un espello no que mirarnos. Como sociedade. Como individuos. E como todos os espellos, devólvenos o reflexo do noso pasado para que podamos explicar o noso presente. A imaxe á que nos enfrenta é crúa, bela, salvaxe...pero sobre todo profundamente humana...

Autoría: Miguel Delibes

Dirección: Javier Hernández-Simón

Adaptación: Fernando Marías - Javier Hernández Simón

Escenografía: Ricardo S. Cuerda

Deseño iluminación: Juan Gómez - Ion Anibal

Música e espazo sonoro: Álvaro Renedo

Deseño vestiario: Elda Noriega

Elenco:

Javier Gutiérrez

Pepa Pedroche

Fernando Huesca

Yune Nogueiras

Marta Gómez

Luis Bermejo

José Fernández

Raquel Varela

Jacobo Dicenta

PREZOS: Público xeral: 20,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 14,00 €

Plano
PAZO DA CULTURA

Patio de butacas


Capacidade 712 persoas. Localidades numeradas

Platea I

Capacidade 93 persoas. Localidades numeradas

Platea 2

Capacidade 93 persoas. Localidades numeradas






PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

Teléf. 981 391 144
Teléf. 981 102 897 (Despacho de billetes)
E p.cultura@naron.es
www.padroadodecultura.es

 facebook/padroadodeculturaconcellodenaron

 @culturaron

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Xacobeo 21-22



NARÓN




Padroado da Cultura
Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA



AGADIC



REDELAE
red euroatlánticoamericana
de artes escénicas